

ACORDO do 8 de agosto de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto de liña aéreo-subterránea 220 kV SET PE A Picota 220 kV-SET colectora Nova, nos concellos de Mazaricos, Negreira, A Baña, Ames e Santiago de Compostela (expediente IN408A 2020/151), DOG Núm. 158, de 22 de agosto de 2022. **Prazo para remitir alegacións: 23/08/2022 - 03/10/2022**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220822/AnuncioV0653-090822-0001_gl.html

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
liña aéreo-subterránea 220 kV SET PE A Picota 220 kV-SET colectora Nova	Villar Mir Energía, S.L.U. (CIF B-85253888)	Mazaricos, Negreira, A Baña, Ames e Santiago de Compostela (A Coruña)	<p>Co fin de evacuar a enerxía eléctrica xerada nos parques eólicos A Picota (42 MW, nº expediente IN408A 2018/12) e A Picota II (21 MW, nº expediente IN408A 2020/114), ambos localizados no concello de Mazaricos e actualmente en tramitación, proxéctase unha liña aéreo-subterránea de alta tensión (LASAT) 220 kV, con inicio na subestación eléctrica transformadora (SET) 30/220 kV do parque eólico (PE) A Picota e fin na SET colectora Nova.</p> <p>Tanto a SET PE A Picota (incluída no proxecto parque eólico A Picota, nº expediente IN408A 2018/12) como a SET colectora Nova (incluída no proxecto SET colectora Nova 132/220 kV e LAT 220 kV SET colectora Nova-SET Santiago de Compostela, nº expediente IN408A 2020/166) son obxecto doutros proxectos independentes e están actualmente en tramitación.</p> <p>O punto de conexión final coa rede de transporte localízase na SET Santiago de Compostela 220 kV (propiedade de REE), pero a dita conexión non se realizará a través do presente proxecto senón a través do anteriormente mencionado SET colectora Nova 132/220 kV e LAT 220 kV SET colectora Nova-SET Santiago de Compostela (nº expediente IN408A 2020/166).</p> <p>Características técnicas de la instalación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A LAT componse dos seguintes tramos: <ul style="list-style-type: none"> – Tramo 1: liña aérea de alta tensión en simple circuío (LA-280), con orixe no pórtico da SET PE A Picota e fin no apoio nº 40. A lonxitude é de 12,514 km. – Tramo 2: tramo subterráneo, en simple circuío con condutor XLPE 127/220 kV 1×3×630 mm² Al, que discorre entre os apoios nº 40 e nº 41 de conversión aéreo-subterráneo. Discorre polo termo municipal (T.M.) de Negreira, cunha lonxitude de 185 m; executarase en

			<p>subterráneo para realizar o cruzamento co Camiño de Santiago.</p> <p>– Tramo 3: trazado aéreo, en simple circuito (LA-280), desde o apoio nº 41 ata o nº 87 cunha lonxitude de 15,421 km.</p> <p>– Tramo 4: trazado aéreo, en simple circuito (LA-380), desde o apoio nº 87 ata o nº 138 cunha lonxitude de 13,055 km.</p> <p>– Tramo 5: tramo subterráneo, en simple circuito con condutor RHE-RA-2OL 127/220 kV 1×1000 K Al + H155 Cu, que discorre entre los apoios nº 138 e nº 139 de conversión aéreo-subterráneo. Discorre polo T.M. de Ames, cunha lonxitude de 247 m.</p> <p>– Tramo 6: trazado aéreo, en simple circuito (LA-380), desde o apoio nº 139 ata o nº 168 cunha lonxitude de 7,282 km.</p> <p>– Tramo 7: tramo subterráneo, en simple circuito con condutor RHE-RA-2OL 127/220 kV 1×1000 K Al + H155 Cu, con orixe no apoio nº 168 de conversión aéreo-subterráneo e fin no pórtico da SET colectora Nova. Discorre polo T.M. de Santiago de Compostela cunha lonxitude de 1.445 m.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Instalarase en toda a liña aérea dobre condutor de protección e comunicacións OPGW-48 (fibra óptica), mentres que nas liñas subterráneas se disporá de dobre cable de fibra óptica do tipo PKP no tramo 2 e PVT-48F nos tramos 5 y 7. • A liña ten unha lonxitude total aproximada de 50,149 km, que se reparten entre 48,272 km aéreos e 1,877 km subterráneos. • O tendido aéreo farase sobre apoios metálicos de celosía. Son 168 o número de apoios proxectados.
--	--	--	---

Obxecto da información pública:

A solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) das instalacións. A declaración de utilidade pública, de acordo co artigo 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

Documentación que se expón:

1. O proxecto técnico (xuño 2022-visado 30.6.2022).

1.1. Plano xeral do proxecto.

1.2. A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e dereitos afectados polo proxecto (RBDA), que figura no anexo que se insire neste acordo.

1.3. Planos individuais dos predios afectados polo proxecto.

2. O estudo de impacto ambiental (EIA) (xuño 2021-asdo. 8.7.2022) máis o estudo ambiental do proxecto da SET colectora Nova (que se está a tramitar noutro expediente con nº IN408A 2020/166).

3. O proxecto de interese autonómico (PIA) (xuño 2022-visado 30.6.2022).